



# Nicaragua: dereito que non se defende, dereito que se perde



# A foto que fala

Casa de Pepe Mujica.  
Os feitos por diante  
das palabras



## O trasno Símbolos, sinais, mensaxes non escritas

Daniel López Muñoz



Tocaría, se cadra, enlearnos co asunto da casa dos líderes de Podemos, que son parella e van ter fillos, o que está moi ben, e precisan casa, pois claro, e que decidiron hipotecarse. Tocaría falar desa hipoteca a 30 anos cunha mensualidade imposible para os seus votantes e militantes e, tal como o sentido común e o habitual criterio bancario indican, nunhas condicións moi favorables para persoas con contratos precarios e que non queren ser profesionais da política, senón servir

ás xentes do común por un tempo taxado e sen nada que condicione nin hipoteque a súa liberdade. Tocaría falar do dereito á privacidade e á vivenda. E tamén o de escoller onde educar os fillos. E tocaría falar de que é “clase media” e cantos metros cadrados ten a piscina media da clase media con piscina.

Pero non. Hoxe non imos falar diso, senón de símbolos, de sinais e de mensaxes implícitas, que é un tema totalmente distinto. É dicir, hoxe

imos falar da voda real entre Henry de Inglaterra e Meghan Markle, unha rapaza americana, das ex colonias, filla dunha negra, quero dicir, dunha afroamericana, e neta dunha escrava. Un príncipe que casa cunha actriz, pero na que é ela a que pon condicións no ritual. Porque os símbolos falan de cousas, e non son inocentes. Por iso a esta muller feminista non a “entrega” ninguén, senón que a acompañan; por iso non xura obediencia, senón que comprometen lealdade de igual a igual.

E por iso, porque as cousas falan, e os ritos e os símbolos máis, houbo, por primeira vez na historia un celebrante de cor nunha voda real e sobre todo, un marabilloso coro de gospel, en orixe música negra de escravos, que cantou unha emocionante versión de *Stand by me* -“cando chega a noite e a terra é escura... nada temerei en tanto permaneces cabo de min”

Resulta sorprendente todo iso nunha monarquía pola que ninguén daba un penique quince anos atrás. E hai quen di que esa voda na que se rompen simbolicamente tantas barreiras e prexuízos raciais e de clase pode marcar un antes e un despois nunha institución con cheiro medieval. A forza dos símbolos. Manda truco.

Pois iso, que afortunadamente libramos de falar dese outro asunto de Galapagar, e de se simboliza algo ou non, de se é a fin do principio ou o comezo do precipicio. Total, sonche cousas que pasan en Madrid, que está, en tempo de viaxe, case tan lonxe como Buckingham Palace.

# Editorial

## XOSÉ CHAO REGO, galeguismo, esperanza e liberdade... a pesar de todo

Esta foi a carta de presentación da homenaxe a Pepe Chao, inspirador e impulsor de Irimia, que recentemente se celebrou na Biblioteca Pública Anxo Casal, de Santiago de Compostela.

Foron as asociacións de veciños de Compostela, singularmente a Plataforma de Galeras, as que, co apoio de Irimia, puxeron a andar esa homenaxe, que encheu o auditorio da biblioteca. Foi precisamente ese carácter de iniciativa de base a que salientamos no acto como a característica que faría feliz a Chao. Sentirse querido por esa base social que fai país desde o pequeno, desde a proximidade, conmovía a Pepe Chao. Por iso sempre estaba disposto -e así o facía, como ben o acredita Sari, a súa compañeira- a ir ao sitio máis pequeno e afastado, chovese ou lostreguexase, para atender unha invitación dun grupo de veciños, dunha comunidade parroquial, dunha asociación cultural. Sempre facendo ese tipo de esforzos por vivificar o noso tecido social desde abaixo. Ese tipo de esforzos que

Foi quen de tender pontes,  
de acertar no que nos une,  
no fundamental

fan país, pero non fan currículo.

No acto, do que traemos unha semblanza neste número -recompilando textos que alí se leron-

participaron asociacións de veciños de Compostela, como a xacitada de Galeras e a do Casco histórico, pero tamén editoriais

(SEPT, Galaxia, Xerais), fundacións (Penzol, Castelao, Alexandre Bóveda, Manuel María), Irimia e Encrucillada, e asociacións culturais afincadas en barrios ou territorios concretos como a de San Martiño Pinario, Terra de Outes, ou Xermolos, de Guitiriz.

Pepe Chao é pura actualidade porque desminte os maniqueísmos que nos destrúen, hoxe tan presentes. Foi quen de tender pontes, de acertar no que nos une, no fundamental, por riba de dogmatismos, bandos e anatemas.

Pepe Chao foi un crego excepcional no Ferrol convulso que preparaba a transición, así como un singular pensador, articulista, teólogo, profesor de galego e mestre da vida; intelectual desde a ética, creador dun relato inédito capaz de sintetizar tradicións e mundos por veces afastados. El dicíase renacido nun galeguismo entusiasta, mentres recreaba un cristianismo “de fronteira”: crítico, inculturado e libre. Sempre en diálogo. Algo atípico e desconcertante e non moi ben visto polas xerarquías.

Será por iso que quen o recorda e homenaxea é a xente e non o arcebispado.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hai uns días celebramos (aínda que pasase desapercibido) o Día dos Museos. Resulta que en Galicia hai 84 casas das musas (esa é a súa orixe etimolóxica) espalladas polo país. Hainos de todo tipo e condición. Desde museos máis clásicos, pero moi interesantes, coma o de Pontevedra, o etnográfico de Vigo ou o Museo do Pobo Galego. Hai tamén museos catedralicios, coma o de Santiago, Mondoñedo, Tui... Hainos temáticos: o Pedagóxico de Santiago, o Naval de Ferrol, o de Sargadelos. Hainos dedicados a unha persoa, coma o de Valle Inclán, Otero Pedraio, Rosalía... Hainos alimenticios, coma o do queixo ou o do mel. De seguro que entre



as teclas do meu ordenador quedan moitos moi importantes.

Penso que a posibilidade de observar todo o patrimonio cultural que posuímos é unha sorte que temos. Achégase o verán e, se cadra, habería que pensar en facer un roteiro de museos. Non dan os días de vacacións para velos todos. Se cadra, escoller tres ou catro descoñecidos para ir abrindo

boca... Podemos propoñelo de cara a un par de anos e facelos todos... Somos moi ricos en patrimonio común e deberíamos aproveitalo.

E, para rematar, unha reflexión. Tempo de confirmacións e primeiras co-muñóns. Moito que celebrar e compartir. Sexamos consecuentes co que dicimos celebrar.

1



3



2



4



# A peneira

1

Coma todos os días 2 de cada mes hai **FEIRA** na Pobra de San Xiao. É unha boa ocasión para achegarse ata o posto de Eusebio dos Parediña a comer o polbo. O problema é que o prezo anda polas nubes: moita demanda e pouca oferta. Nunha boa campaña chegan ata a lonxa de Ribeira 400 toneladas; neste ano andan polas 200.

2

E falando de polbo: xa hai tempo que sabemos que o polbo que comemos é, maioritariamente, do banco canario-sahariano. Comezou a **VEDA DO POLBO** en Galicia que rematará a principios de xullo. Hai un plan experimental para recuperar a especie, respectando a época de reprodución. Antes da crise as familias galegas consumiamos máis de 2.000 toneladas de polbo conxelado. Andamos agora pola metade desa cifra.

3

O 2 de xuño terá lugar a X edición de **XOTRAMU**, a festa de xogos tradicionais en Muimenta (Lugo) con actividades programadas para nenos, mozos e maiores. Haberá máis de cen xogos tradicionais de uso libre, obradoiros, xincanas e postos de venda de xogos no recinto feiral Manuel Vila. Unha xornada onde poderedes vivir a importancia do xogo como transmisor da cultura e da educación.


4

Continúan as **FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA**, que se iniciaron a mediados de marzo en Verín e pasarán por 16 cidades e vilas galegas ata rematar a finais de agosto en Monforte. Trátase dunha iniciativa que trata de achegar os libros á cidadanía e axudar a un sector que está facendo fronte á crise económica, á crise dixital e á irrupción de novos formatos.

5



7



6



... cousas sobre ...  
BÓVEDA



8

MOSTRA  
INTERNACIONAL  
DE  
CINE  
ETNOGRÁFICO

Museo do Pobo Galego  
Santiago de Compostela



Alfonso Blanco Torrado

5

A empresa coruñesa **MOONOFF**, que se dedica a fabricación de produtos de iluminación, atópase entre as 50 que máis medraron en Europa entre o ano 2013 e 2016, segundo o *Financial Times*. Non é a primeira que destaca neste sector: a pontevedresa SETGA hai tempo opera en máis dunha ducia de países co mérito de manter o 85% do valor engadido na nosa terra.

6

A asociación xuvenil Abertal volve lembrarnos a figura de **ALEXANDRE BÓVEDA**, fusilado na guerra civil. A federación de centros xuvenís Don Bosco de Galicia, fixo unha opción decidida por lembrar e reivindicar a vida, o exemplo e a figura de Bóveda e ten realizado diversas publicacións e actos, como o celebrado en Vigo o pasado día 18 de maio.

7

Cando vai empezar o mundial de fútbol recordamos o filme **DIAMANTES NEGROS** que conta a historia de dous mozos malianos que deixan o seu país para perseguiren o soño de triunfar como futbolistas no vello continente. 20.000 menores africanos foron abandonados polos seus representantes, segundo a ONG a Foot Solidaire, e sobreviven nas rúas das principais cidades europeas.

8

Do 4 ao 10 de xuño celebrárase no Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela a 13ª edición da **MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO (MICE)**, un encontro co cinema que quere coñecer a realidade desde unha perspectiva etnográfica. A antropoloxía é a protagonista nunha mostra que ano tras ano se vai consolidando como unha das citas cinematográficas en Galicia máis interesantes.

# Política Odio criminal

Pedro Pedrouzo Devesa

Hai setenta anos Shirley Jackson escribiu un dos relatos curtos que aínda hoxe en día segue sendo dos máis truculentos publicados, *A lotería*. Está ambientado na praza dun pobo pequeno, na que se reúnen todos os seus habitantes para xogar a unha lotería moi especial. Son dez páxinas e, se non queredes que volo estrague, aparcade un instante a lectura deste artigo, buscade o relato en Internet, lédeo e continuade logo con esta lectura.



Debuxo de Miles Hyman, que converte en cómic o relato de Shirley Jackson

Benvidos de novo. O terrible final deste conto vénme intermitentemente á cabeza cando abro a prensa ou escoito ou vexo os informativos. Véxome trasladado á Roma máis cruel que saciaba as súas mágoas cun circo que consistía basicamente no derrame de sangue ou no enxuízamento sumariísimo de todos aqueles individuos nefandos, ben criminais, ben delinquentes, ou mesmo inimigos da orde romana.

Os medios vólvennos ofrecer unha ración periódica de axustizamento do delincente, unha práctica que pensabamos esquecida, pero que parece máis viva ca nunca. Alimentan o noso cabreo, acenden a nosa ira e subliman os nosos sentimentos máis brutais. Periódicamente escóllese un delincente, -se pode ser criminal, mellor-, e procédese ao seu xuízo mediático. As pedras do conto de Shirley mudan por tuits ou mensaxes de whasap nos que se reenvían fotos e datos dos axustizados. Enviamos comentarios cheos de carraxe. Transformamos unha persoa en monstro.

Non teño interese en defender ningún criminal nin en opinar sobre sentenzas xudiciais. Pero si que me preocupan os consensos aos

que estamos chegando sobre a necesidade de aumentar as penas de prisión e de recortar os beneficios penitenciarios, argumentando que non hai rehabilitación posible para o delincente. Cada ideoloxía especialízase en odiar un tipo de delincente, pero unha vez elixidos, todos nos poñemos de acordo en que non se pode ser suave con eles.

Asómbrame que nos deixemos guiar pola anécdota do criminal reincidente e non pidamos as estatísticas de todas as persoas que delinquiron e que, grazas aos beneficios penitenciarios, puideron refacer as súas vidas (as súas e as das súas familias). Non se publican eses datos porque igual nos avergoñamos do noso castizo cabreo co criminal.

Non esquezamos que hai unha parte colectiva de todo crime; que converter en monstros outras persoas evita a responsabilidade social que temos na súa existencia, e que esa mesma corresponsabilidade debe obrigarnos a centrarnos máis na reinserción ca no castigo. Aínda que o ánimo xusticeiro estea triunfando entre todas as ideoloxías, unha sociedade sa non se constrúe sobre o resentimento.



# O peto común

Rubén Aramburu

O sur tamén existe, dicía nun poema Mario Benedetti. Acontece na maior parte dos países, o sur sempre é máis pobre. No sur de Italia, cara ao Adriático, hai unha rexión chamada Molfetta tamén empobrecida e houbo aló un bispo que todos chamaban Tonino, que case nunca vestía de bispo e que morreu moi novo, aos 58 anos. D. Tonino transformou o elegante edificio do bispado nunha casa de acollida... Non tiña secretario e era el quen abría a porta e contestaba ao teléfono. Na súa casa vivían inmigrantes e familias desafiuzadas, e acollía alcohólicos e drogatas. Púxose á fronte de loitas tremendas, mesmo contra o exército italiano, que quería establecer un gran campo de tiro, arruinando centos de labregos. D. Tonino ía por diante de moitos dos seus colaboradores e aparecía sen máis onde ninguén quería ir. Encabezou unha marcha a pé cando a guerra e as matanzas de Saraxevo, enrolouse en barcos para acoller inmigrantes no Mediterráneo, apoiou loitas obreiras e pacifistas, foi presidente da Asociación Pax Christie. Contan que asembleas de extremistas de esquerdas e anticlericais ían escoitalo falar de Deus.

D. Tonino foi moi criticado polo clero e por outros bispos, e desde Roma chamábano á orde continuamente: -vostede non viste correctamente, monseñor...a súa dignidade...!!! Acusárono, coma sempre, de comunista. Hai semanas, o Papa Francisco viaxou a Molfetta e pediu que o deixasen rezar en soidade ante a tumba de D. Tonino. Penso que lle pediu axuda ante a man-



da que o asexo acotío. D. Tonino anda en proceso de ser santo, e canto precisamos de santos coma estes. Os que manexades internet, buscade *Tonino Bello* e atoparedes unha inmensa luz no medio das sombras.

Outra luz de santidade e precisa acéndese nos próximos meses: San Romero de América, bispo e mártir. Obrigados! Francisco!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Conversa con Ana Vila Montero, nicaraguana e galega

Pedro Pedrouzo Devesa

*Un distante mes de xullo de 1986, Ana Vila Montero fixo a súa primeira viaxe a Nicaragua acompañada de Manolo Vila, Marta Sopeña, Xosé Lois Villar, Emilio Sánchez e Aurora Besteiro. Uns anos despois nacía Axunica, organización sen ánimo de lucro, con sede en Lugo, adicada a financiar e impulsar proxectos en Nicaragua. Aproveitando que Ana leva uns días por Galicia, decidimos conversar con ela sobre os plans que está levando a cabo, sobre os sentimentos que arrastra cada vez que viaxa e sobre a durísima situación que vive Nicaragua na actualidade.*



Ana Vila

A primeira cuestión que me vén á cabeza é a de pensar como se sentirá Ana vivindo entre dous mundos tan sumamente distintos. Por un lado imaxínoa por zonas semiselváticas de Nicaragua chegando a pobos nos que os nenos teñen moi complicada a alfabetización, as mulleres escasas oportunidades de ter vida laboral fóra do mundo familiar e doméstico, e os homes volven dos arrozais cun salario escaso para vivir, pero suficiente para emborracharse e pagar por sexo. Ao mesmo tempo, trasládoa á Galicia convivindo, case por accidente, co rico Occidente, aburríndose nun país no que o Estado de Benestar conseguiu que a pobreza se oculte e que os maiores problemas que existen para a clase acomodada sexan o fastío da abundancia, o exceso de riqueza e o gusto pola aparencia. Que sentes cando volves a Galicia, Ana?

*Tanto cando volvo a Galicia como cando regreso a Nicaragua sinto unha enorme ledicia, polo reencontro con moita xente que levo tempo sen ver. Esta última viaxe foi motivada pola miña familia e custoume moito tomar*

*a decisión de viaxar, sobre todo pola situación que está vivindo Nicaragua neste momento. Unha vez aquí, non podó evitar contar como se vive en Nicaragua, a terra que me acolleu. En Galicia teño as miñas raíces, a familia que me reclama e os amigos que boto de menos cando estou en Nicaragua. O regreso a Galicia sempre vén acompañado do encontro coa natureza, unha natureza distinta á nicaraguana,*

*pero igualmente fermosa. Redescubrín Galicia desde a distancia.*

*A nivel social, noto moito o individualismo, o consumo excesivo e o pasotismo ante a situación política que se vive en Galicia e o resto de España. Por outro lado, Nicaragua demostra unha vez máis que é capaz de dar esperanza ao mundo ante situacións de corrupción e inxustiza, conseguindo organizarse e mobilizarse contra elas.*

Ana viviu de cerca algúns dos feitos máis apaixonantes da recente historia nicaraguana. Nos últimos corenta

## A medula do meu compromiso de fe era mirar para os máis necesitados

anos, Nicaragua viuse atravesada por unha revolución que derrocaba a ditadura somocista e enchía de enorme esperanza os seus habitantes. Desde aquela, sufriu e sofre, de forma dura e continua, unha terrible caída en picado do soño revolucionario sandinista convertido en pesadelo orteguista. Ana, porque marchaches a Nicaragua?



Encontro de mulleres en san Luis de Manareca





Chilo Talavera coas mulleres de Agua Agria

*Por varios motivos. O primeiro foi pola atracción da revolución, desa experiencia na que sentía que camiñaban da man o compromiso social, a verdadeira política, a fe e a relixiosidade. Foi un momento fermosísimo que viu a luz a raíz da Teoloxía da Liberación. Estou en débeda con Nicaragua por permitirme vivir ese soño esperanzador. Estou en débeda con persoas como Ernesto Cardenal, que posibilitaron a existencia de experiencias tan humanas como as que vivín alí. A medula do meu compromiso de fe era mirar para os máis necesitados. A revolución foi iso, pero desde hai anos foise desfigurando. Agora xa non é así. Hai unha ditadura clara, que ata hai uns días non sabiamos como enfrontar. Agora si. Estamos vivindo un momento de morte, pero tamén de resurrección. É duro ver que están morrendo moitos rapaces: neste momento xa hai 60 persoas asasinadas. Ata hai pouco, simplemente desaparecían. Os tiros son ao peito, á cabeza. Hai turbas orteguistas que se desprazan en camionetas con barrotes para linchar a xente, incluso a xornalistas. O momento de resurrección é o momento no que a xente nova, especialmente os universitarios protestaron e*

*desenmascararon a situación actual que vive o país. O resto da historia coñécédela polos medios.*

O rostro de Ana está marcado por sucos fondos, enrugas que moldean a súa cara e debuxan o seu carácter. Fai unha carantoña ante a inxustiza que relata, que rapidamente relaxa co desexo da súa reparación. Mostra esperanza na protesta popular que, agarda, poida impulsar cambios necesarios nun país que volveu a unha situación que parecía superada. Pero axiña reconduce o seu relato para contarnos todo aquilo polo que paga a pena vivir, a construción dunha sociedade máis humana, aquí ou nas zonas rurais de Granada. Son numerosísimos os proxectos que pode relatar, inzados de éxitos e fracasos, experiencias reconfortantes mesturadas con outras oportunidades perdidas. Como medimos o éxito dun proxecto de construción? Cales son as prioridades? Que rápido pasa o tempo falando con Ana...

## Dereito que non se defende, dereito que se perde - Vilma Núñez de Escorcía

Hoxe é o segundo día que me reúno con ela e con Emilio Sánchez, colaborador incondicional de Ana desde hai trinta anos. Tentamos repetir unha entrevista que unha pifia tecnolóxica borrou da memoria dixital do meu teléfono. É imposible. A conversa transcorre por lugares moi diferentes aos camiños que collera onte. So podó calar. Fala Ana.

*Son varios os proxectos que levamos a cabo en Granada asociados á educación e a saúde especialmente. Un dos proxectos consiste en ofrecer bolsas de estudos a nenos e nenas para que non se vexan obrigados a abandonalos antes de tempo. As bolsas que concedemos aos pequenos están vinculadas a un compromiso persoal, como pode ser o rendemento escolar, ou dar cla-*

*ses aos máis pequenos. Outro proxecto que levamos a cabo é a formación continua coas mulleres dos poboados, que descubren como hai cousas que se conseguen coa unión, coa organización e co compromiso, como a creación dunha liña escolar de secundaria nunha comunidade na que non existía, ou a atención dun médico un día á semana.*

*A maioría da poboación rural da zona traballa nos enormes cultivos de arroz que hai na rexión a cambio duns salarios ben escasos. As mulleres seguen sendo a parte da poboación máis maltratada pola pobreza, estando destinadas desde mocidades a ser exclusivamente esposas e mamás, polo que demasiado pronto deixan os estudos e reclúense na vida doméstica. Hai anos iniciamos un proxecto de aposta pola gandería que repartiu unhas cen cabezas de gando entre as familias. Transcorridos tres anos, decidimos abandonalo, o que supuxo para nós unha sensación grande de fracaso ao*

*ver que a maioría das familias se vían obrigadas a vender os animais que se lles deran, debido á penuria económica que sufrían. O proxecto foi moi custoso en tempo. Hoxe, repasándoo, teño a sensación de que non foi tan grande o fracaso. Dúas familias de Aguas*



Ana con Inés na súa casa en Agua Agria

# Conversa con Ana Vila Montero, nicaraguana e galega

Pedro Pedrouzo Devesa



*Agrias conseguiron ser criadoras de gando e teñen asegurada unha pequena renda grazas a el. Era un proxecto que dirixiamos ás mulleres debido á súa maior visión de futuro. Os homes, maiormente, gastan os cartos en alcol ou prostíbulos, polo que centramos as nosas actividades nas mulleres como motor do cambio.*

Hai un ano, na inauguración oficial do XIII Festival Internacional de Poesía de Granada, Ernesto Cardenal denunciaba sentirse un perseguido político, dicindo que o perseguía a ditadura que ten Nicaragua, a parella presidencial que con moito odio estaba tratando de destruílo. El explicaba que non pode defenderse porque eles teñen todo o poder. Ana, está Nicaragua peor que hai trinta anos?

*Nicaragua está atravesando unha das peores épocas da súa historia recente e os acontecementos das últimas semanas están sendo vistos con moita esperanza por todos os que denunciámos o embrutecemento do goberno de Ortega. A reforma da Seguridade Social que tentou efectuar o Goberno foi o desencadeante de todo o malestar que sofre a poboación nicaraguana con situacións que, aínda que sexa moi duro dicilo, son peores que as vividas na época da ditadura de Somoza.*

*Nas últimas semanas están matando moita xente, tanto nas zonas rurais como nas urbanas. Non hai cifras oficiais, pero xa son máis de sesenta os mozos que morreron por protestaren pola situación de represión e falta de liberdades que existe en Nicaragua. Pensabamos que a poboación estaba adormecida, insensible aos abusos que cometía o goberno de Ortega, pero a*

## A miña esperanza é que a xente nova volva ás rúas a facer historia – Fernando Cardenal

*raíz das últimas manifestacións multitudinarias, descubrimos que había un malestar oculto que espertou e que aumenta segundo se percibe con máis claridade o abuso continuo do poder. Desde todas partes estase pedindo que cese a violencia e as partes senten a dialogar, pero a conduta de Ortega impide sermos optimistas no éxito deste diálogo. Aínda que revogue o decreto de reforma da Seguridade Social, a falta de información sobre os brutais acontecementos ocorridos nas últimas semanas está demostrando que a única saída posible virá dada co fin do man-*

*dato orteguista. Deben convocarse novas eleccións de forma libre e transparente, con garantías de que a opinión dos nicas será tida en conta.*

*A Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) solicitou xa por terceira vez este mes a anuencia do Estado de Nicaragua para realizar unha visita ao país, observar no terreo a situación dos dereitos humanos e investigar as mortes, algo que é un clamor por todo o país. Esixe así mesmo, en defensa da liberdade de prensa e a liberdade de expresión, o cesamento da represión e as agresións contra os periodistas e medios de comunicación. A CIDH é un órgano principal e autónomo da Organización dos Estados Americanos (OEA), cun mandato que xorde da Convención Americana sobre Dereitos Humanos. Por outra parte, o CENIDH (CENTRO NICARAGUANO DE DEREITOS HUMANOS) está presidido por Vilma Núñez de Escorcía, unha muller enormemente valente que se fixo eco da actual situación que vive o país desde o principio e que popularizou a frase “Dereito que non se defende, dereito que se perde”. Son moitas as voces que se están alzando.*

Cando esta entrevista chegue a vós, se cadra Ortega será pasado e a esperanza realmente sandinista, futuro.



# Pingas de orballo MATO, DON XESÚS MATO E MATO

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]



Nós, que cremos ser e nada somos,  
que sequera somos instrumentos canalizados das nosas vontades  
que nos sobrepasan, ou doutras que nos coutan;  
existimos desde aquel acontecer que nos move polos camiños do ar  
e sorprendidos polo vento.

Debo escribir de alguén a quen quero ben e polo tanto vou ser conscientemente parcial e subxectivo, non me importa que se note. A miña vida sería distinta sen el, sen a súa compañía. Xuntos chegamos a moitas realidades tentando razoar as contradicións da cautela. Mato, Don Xesús Mato évos como é, e a min gústame que Mato sexa así. Por ese mesmo motivo moitos non o comprenden. Hai que arriscar para chegar lonxe. Agora é tarde para pretender cambialo, e eu sei que non cambiaría. Gusto do seu ánimo conciliador, o seu desmedido entusiasmo que acende mil proxectos, anque despois vaian amodo ou nin sequera vaian, escandalizados

na espera, na latencia sosegada que agarda o seu preciso momento.

Mato é un home comprometido e polémico. Aprecio aos polémicos, son eles os que fan funcionar o mundo, os que espertan a mansedume e a deixadez e non deixan quedar a un quedo, fascínannos a cada intre. Tamén é poliédrico e as súas múltiples facetas fano ser multifuncional persoa, crego, amigo. Críticano por exercer en

**Don Xesús Mato  
évos como é, e a  
min gústame que  
Mato sexa así**

galego, sobre todo aqueles máis refinados. Fai ben estar cos seus, outros esqueceron ou deixaron de lado a súa orixe. Din que ten moito entusiasmo nun primeiro momento e que despois



Acubillaba o Pedregal un vello soño  
que o teu riso espertou.  
Agungullou, silandeiro, o regato  
e foi gozoso, do corazón aas beizas,  
o novo canto: eu renaso galego!

**Escolma dos textos empregados na homenaxe a Pepe Chao organizada pola plataforma veciñal de Galeras o pasado 15 de maio en Compostela e na que participaron, ademais da familia de Pepe (Roi e Iria, Sari, Sara e Luís) e Irimia, a Plataforma de Veciños do Casco Histórico, Edicións Xerais de Galicia, Fundación Alexandre Bóveda, Fundación Penzol, Editorial SEPT, Editorial Galaxia, Fundación Castelao, Asociación Cultural Terra de Outes, Irmandade Avelino Pousa Antelo, IES Plurilingüe Rosalía de Castro, Asociación Cultural San Martiño Pinario, Encrucillada, Irmandade Manuel María da Terra Chá e Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz.**

“O primeiro que facía nas clases, logo de me presentar, era baixar do estrado e abandonar a mesa do profesor, como símbolo dunha oferta de igualdade no trato. Explicaba a autoridade que ao profesor lle concede a institución e como eu estaba disposto a dimitir desa autoridade se eles a recollían e non a deixaban caer ao chan. Insistíalles no custoso que resulta ser libre e asumir a súa parte de autoridade para dar seriedade ao traballo. Estamos afeitos a ser mandados e dirixidos, non hai creatividade”

“Que cal sería a reformulación do meu credo? Pois algo así: Eu creo que un campesiño galileo, ne nome Xesús, proclamou a chegada na súa persoa do reinado de Deus, centrado na liberación de todos os oprimidos e marxidados en orde a unha nova creación: unha sociedade nova na que a fraternidade e maila liberdade sexan garantidas pola igualdade. Creo que Aquel a quen Xesús consideraba Pai, ratificou a vida de Xesús dándolle unha nova vida; esa resurrección que esperamos. Esta miña fe está alentada polo Materno Espírito que nos foi prometido. Este acto de fe confesante achégame esperanza e convidame a vivir na caridade”

“Existe unha estreita relación entre a lingua e o psiquismo. Aí está a sintaxe galega e a abundancia de eufemismos e perífrases, as afirmacións non categóricas, matizadas até o punto de que se estableza para unha pregunta ao mesmo tempo unha afirmación e unha negación –“non si?”-coma se se quixese establecer esa harmonía de contrarios que nos caracteriza e que seica nos fai moi habelenciosos para o xogo diplomático: “disque”; “seica”, velai dúas formas non agresivas de afirmar. Preferimos os futuros analíticos (“has facer”) aos sintéticos (“farás”), pois somos pouco amigos das afirmacións categóricas. “polo si ou polo non”. Engadámolle a isto a abundancia de diminutivos que non diminúen, senón que son aproximativos ou afectivos; apreciativas que chegan afectivamente ao interlocutor... Amén do pronome de solidariedade, co que facemos ao interlocutor solidario dos nosos sentimentos. Cando dicimos “téñoche moito traballo”, non indico que teña traballo para ti, senón que simplemente, envólvote nos meus sentimentos”

“No plano do oficio simbólico, nas parroquias rurais, onde se sitúan tantas imaxes de santos, eu poñería os trebellos da agricultura de tempos pasados, como memoria subversiva, que diría o teólogo Metz, do que foi a vida dos devanceiros. Pero comprendo que moitos cegos non encaixen esta tolemia, porque en definitiva, a nosa formación é escolástica, racionalista e só aprecia signos que se din eficaces e que seica operan automaticamente, e nunca nada nos dixeron da forza do símbolo que, como di Paul Ricoeur “dá que pensar”

“O galeguismo non é un vestido, especie de traxe rexional, senón unha militancia pola galegitude, que consiste en facer explícito o que está nas entrañas do pobo”

“Vexo a urxencia dun cambio: pasar da “salvación” á “creación”, que é máis secular. Necesitamos unha relixión máis humana. Haberá que pensar con Schillebeeckx que “fóra do mundo non hai salvación” e que nos chama o clamor da terra.

# Pingas de orballo MATO, DON XESÚS MATO E MATO

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]

se vai quedando. Que empeza sendo moi crítico e que, despois, atende razóns e tamén excusas. Todos sabemos de tantos que nin sequera se ilusionan, nin teñen proxecto, nin saben que dicir e nunca ponderan os datos. Din que tarda, que é moi neutro. Pero eu sei que é quen, de descifrar os verdadeiros desexos e cumprilos. Ás veces é quen de amosar mesmo os misterios que os demais non soubemos ver. E por iso é feliz e desprende felicidade. Nada ten, mais ten de abondo para estar tan satisfeito. Está conforme, nin máis nin menos. Mentres outros morren para acumular, el non, porque ten valor e forza para encarar os problemas e esculcar silencios.

A pouco que vos acheguedes a el saberedes que non ten maldade, non ten sitio para ela pero, a cambio, habita a verdade e arrima unha certa picardía rebelde. Por iso algúns lle fixeron tanto dano e causaron tanto sufrimento, traidores de tantas pequenas cousas e causas maiores, posuidores do desagrado. Sen un reproche pola súa parte. Descubriredes que é sinxelo e cheo de soños, que fará rea-

lidade as súas fantasías vencendo as dificultades e compromisos. Nunca estará do lado dos vencedores nin dos verdugos e por iso, e é unha virtude que o honra, é así de singular e único. Gústalle escribir dando razóns, enfrontarse a elas, ás veces imprevistas ou ousadas. Claro que é crítico!. Porque non se dorme en vaguidades. Consólase postulándose contra a maquinaria do politicamente correcto, do sentenciado eclesiasticamente, dese modernismo destrutor que é tan vello e chamamos caciquismo, ese que tanto pesa globalizando as perdas e sen repartir beneficios, ese que aniquila os signos identificadores. Mato é modesto en modos e maneiras, venlle de familia e dígoo porque coñezo e coñecín á súa familia xa nos devanceiros. Xentes que a penas quixeron facer sombra, pero que no seu

Agora, Mato, Don Xesús, o cura incómodo, festeiro, emprendedor, o vendido aos pobres, aos discapacitados; o cura amigo e amigo dos meus, sigue no seu proxecto: unha vida ao servizo dos demais. Dando exemplo nas entrañas mesmas do Pobo e á par da xente. Vén comigo andando camiños longos, carreiras de fondo. Imos xuntos e eu quero dar testemuño de sabernos aínda nesa loita vital. A mesma loita de todos os tempos e idades. Cos erros aprendemos, tamén cos moitos acertos, entre amigos fabulosos e outros vendidos que fabulan na mentira. Sabede que teño un verdadeiro compañeiro e irmán, na nobreza da loita cotiá, de dar a cara. E que sen el o meu vivir –estou seguro– sería moi distinto, distinto e moito máis tristeiro. Grazas, reverendo!

## Mato, Don Xesús, sigue no seu proxecto: unha vida ao servizo dos demais

paso humilde deixaron transcender a ledicia e o sorriso, a tenrura e o amor. Lembro á nai de Mato coa súa voz pousada e tranquilizadora, coa súa man esforzada no traballo, tendida para buscarnos. Aquela man que sempre nos bendecía como nunha singradura solemne e litúrxica, chea de verdadeiro afecto, cando nos íamos tirarnos nalgún baleiro.



Deputación  
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



# Boa Nova



## DOMINGO 3 de xuño. Festa do Corpus A PALABRA Mc 14,12-16.22-26

No primeiro día da festa dos Ácimos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle a Xesús os seus discípulos: «Onde queres que vaiamos preparar, para comeres a Cea Pascual?» El mandou a dous discípulos, dicíndolles: «Ide á cidade, e havos saír ó paso un home cunha sella de auga; seguídeo, e onde entre, dicíndolle ao dono da casa: "O Mestre di: Onde está a miña sala, na que vou comer a Pascua cos meus discípulos?". El havos mostrar no sobrado unha gran sala, xa disposta e arraxada. Preparade alí para nós.»

Marcharon os discípulos e chegaron á cidade. Atoparon todo como llelo el dixera e prepararon a Pascua. Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, rezou a bendición, partiuno e déullelo, dicindo: «Tomade, isto é o meu corpo.» Despois colleu un cáliz, deu grazas, pasóullelo, e todos beberon del. E díxolles: Isto é o meu sangue da Alianza, que se vai verter por moitos. Dígovolo de verdade: Xa non vou beber do produto da viña até o día aquel en que o hei beber novo no Reino de Deus.»

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

## Facede isto en memoria miña

Hoxe recordamos o relato de Marcos da derradeira cea. O xesto do pan e do viño que o mestre propuxo aos seus discípulos e discípulas expresaba con contundencia como el entendía a súa misión en prol do Reino de Deus, pero tamén os vínculos co vencellaban coa súa comunidade.

Para Xesús a confrontación cos poderes relixiosos e políticos que supuña a súa presenza en Xerusalén facíalle caer na conta da dificultade que tiñan para entender a mensaxe de Deus quen se sentían demasiados seguros da súas verdades ou demasiados preocupados por defender o seu poder.

A presenza amorosa de Deus ao carón do seu pobo só podía ser efectiva da man da súa entrega, porque o amor non se impón, senón que se acolle. Esta certeza levouno a compartir cos seus compañeiros e compañeiras, na intensidade dun símbolo, a fondura do momento e a radicalidade da súa decisión.

Quizais co paso do tempo secuestramos a grandeza do misterio que acollen as palabras do mestre: este e meu corpo...este é o meu sangue..., converténdoas nun signo tan sagrado que perdeu a súa capacidade de expresar a fondura existencial da entrega de Xesús e de renovar, como o fixo naquel primeiro xoves santo da historia, a invitación do mestre a seguir facendo real a súa memoria na entrega vital ao Reino de Deus e no compromiso profético coa xustiza e igualdade no nome da gratuidade, o perdón, a bondade e o amor de Deus por a humanidade.

A primeira comunidade de seguidoras e seguidores de Xesús foino entendendo pouco a pouco, no cotián da súa historia, e nós seguimos sendo chamadas e chamados a renovar esa memoria subversiva contida no pan e no viño compartidos. A comunidade de Xoán, que tivo moitas dificultades para sobrevivir nos primeiros tempos, mostra, no seu recordo destas palabras de Xesús durante a derradeira cea, que tiña claro que a súa fidelidade ao proxecto do Reino pasaba por vivir dende un amor entregado coma o do mestre.

Carme Soto

A PALABRA

A CLAVE

O ECO

Lembro un anaco dunha charla dun dominico, José Antonio Lobo, que dicía: "no Polo Norte non poden dicir Año de Deus, porque alí non hai ovellas, terían que dicir Foca de Deus". Xa sei que agora hai televisión e internet, pero imaxínade os primeiros misioneiros explicando aos inuits que Xesús é o año de Deus, que quita os pecados do mundo. O queeee?

Podedes imaxinar como sería isto do pan e do viño, tendo en conta que alí non hai cereais nin viñas? O pan e o viño teñen sentido na nosa cultura occidental, en Asia usarían arroz, en América son fillos do millo. E as sagradas formas, ritos anquilosados como tomar turrón en Nadal aínda que non che guste. Símbolos, metáforas, exemplos, para explicar como darse aos demais dun xeito comprensible para calquera, tan doado de entender polos seus amigos e amigas sen ningún tipo de estudos e tan complicado para os teólogos que levan dous mil anos dándolle voltas ao tema sen poñérense de acordo. Este é o noso Xesús, o moreno de Nazaré, clariño coma a auga e máis listo ca a fame.

Olga Álvarez

# Falando da lingua Sobra o se... se fosilizamos

Lidia e Valentina



Que  
dixo???!!!

Sabedes que nós somos algo turronas co tema dos pronomes e non é que nos dese por aí así sen máis, senón que sabemos da importancia que ten o esqueleto para calquera lingua.

A estrutura dunha lingua é a que a sostén e a que a fai diferente. Tamén o seu léxico e a súa fonética, pero... Se dicimos: “Go workear tomorrow” ou “a girl very beatiful”, que lingua falamos? Temos palabras en inglés, pero... é inglés? E se a frase é, por exemplo, “Llámome Juan y hermano no estar en casa”, con palabras que están en castelán, é castelán? Supoño

que se llelo escoitamos a persoas que non están no proceso de aprendizaxe desa lingua, calquera é capaz de poñerlles unha etiqueta ao que falan, que difire do inglés, no primeiro caso, e do castelán, no segundo. E cando alguén di cousas como: “Pensouso dúas veces” ou “Me o dou en o coche”, fala galego? Estamos no mesmo caso ca no dos exemplos que puxemos para o castelán e mais para o inglés? Pode parecer que si, pero non.

As persoas que se expresan en galego do xeito referido non adoitan ter pouca formación ou un nivel socio-

cultural baixo (como pasaría cos falantes das outras expresión), senón todo o contrario. Escoitámolo en sedes parlamentarias, na radio ou televisión galegas, entre o profesorado das universidades ou entre o funcionariado do grupo A... A maioría dos que empregan estas expresións falan galego por obriga e non se preocupan en mellorar. Non seremos nós quen bote en contra dos neofalantes; todo o contrario, o que queremos é que aumenten. Mais o neofalante non pode quedar **fosilizado** na primeira fase de aprendizaxe do idioma, que é esa tradución literal léxica. Hai que dar o paso a afondar na estrutura da lingua galega. E aí precisamos un esforzo, que pode ir desde buscar un nativo (como fan cando queren “perfeccionar” o inglés), ata facer un máster de galego na aldea, deses que non custan diñeiro nin mete a ninguén en problemas. Alí a xente -xa entrada en idade- non \*se pensa as cousas, simplemente pensa. E lávase, pero non \*se lava as mans nunca, nin xamais \*se compra roupa. Se alguén non captou a idea, aclararémolo no próxima entrega...

## O Fachineiro da liberdade de expresión

### Censura

Anda o fachineiro preocupado pola súa presidencia. Resulta que foi elixido por aclamación popular (da boa) para gobernar a comunidade de veciños e veciñas, que con orgullo e satisfacción apoiaron un segundo mandato. Pero mediada a lexislatura temo que -como non teño twitter- o xuíz Llarena utilice esta e outras columnas publicadas nesta irreverente revista para me acusar de ser un presidente supremacista e xenófobo. E vistas as cousas que din os tres tenores do patriotismo ehpañol (Eme Punto Rajoy, Rivera e Sánchez) acerca de tomar o control dos medios de comunicación públicos de Cataluña no próximo 155 teño que poñer as



barbas a remollo. Xustamente por esa mesma mordaza piaba un catedrático de dereito hai uns días en *El País*, o mellor xornal de dereitas, como lles dixo un meu amigo no correo no que lles solicitou a baixa da subscrición. Dende logo han saber facelo ben, porque ata andan eurodiputadas suecas pedindo

contas ao goberno pola censura en TVE. Hai que lembrar que o primeiro que fixo o PP foi botarlle a gadoupa á tele e á radio públicas. Experiencia teñen abondo. Se buscamos a palabra control de medios na wikipedia, aparece “TVG”. Para que saíse a foto de Feijoo co narco no iate tivo que amosala un espontáneo por detrás dun entrevistador.

A.Q.